

## FIESTA DE SANTA LUCÍA

Hoy, tercer domingo de Adviento, celebramos también la fiesta de Santa Lucía con misas a las 12,30 hs, 18,30 y 20 hs a in tención de los devotos. Damos gracias al Señor por el don de la vista y por intercesión de Santa Lucía le pedimos que nos conserve la vista y nos aumente la fe.

## CAMPAÑA NAVIDAD CARITAS

Lunes, martes y miércoles de esta semana Caritas reparte los paquetes de Navidad, y el jueves día 17, a las 17 hs Misa por los difuntos e intenciones de los colaboradores, voluntarios y usuarios de Caritas.

Reiteramos el agradecimiento a todos los que colaboran para esta campaña. Mención especial a los alumnos del Colegio ARTAI y FOGAR que han entregado una muy generosa colaboración.



## PREGÓN DE NAVIDAD

Sábado día 19 ,a las 20 hs ,en la Iglesia Parroquial Pregón de Nadal como homenaxe aos sanitarios e a cantos loitaron na pandemia. Farán o Pregón Xosé María Arán, Juan Carlos Díaz del Valle e Alfonso Mariño e cantará Loli Platas.

## ACTOS CATECISMO

Próximo fin de semana no catecismo ultimaremos a preparación dos nenos para o Nadal: Campaña “prepara o Nadal na túa casa e no teu corazón” e “Sembradores de estrelas”. Domingo as 12,30 hs: Bendición imaxes do Neno Xesús.

## ENCUENTRO LATINOS

Domingo día 20,a las 18,30 hs: Encuentro de los latinos residentes en Carballo. Misa e invocación a las Patronas de cada país de Latinoamérica. Cantará villancicos Alejandro.

## RETIRO ESPIRITUAL Y CONFESIONES

Lunes 21,a las 20 hs :Retiro espiritual preparatorio para la Navidad y Confesiones.



# A XANELA SEMANAL

Hoja parroquial de la Unidad Pastoral de Carballo

## “Esperando peregrinar a Santiago de Compostela”

Temos a nova Carta Pastoral que o Arcebispo de Santiago, Don Julián Barrio, dirixe ás parroquias do Ano Santo 2.021.

Cando remataba o ano 2.019, o Dtr. Barrio escribía a Carta “Sal de tu tierra. El Apóstol Santiago te espera”.

A pandemia cambiou a situación. Vai ben descrita polo Sr. Arcebispo que, no máis riguroso do coronavirus escribiu na prensa, e mesmo a cotío na páx. web do arcebispo, profundas reflexións sobre o misterio da dolor e animando ós diocesáns á caridade e á oración.

Ten, ademais , o Sr. Arcebispo palabras de alento en páxinas dirixidas ós enfermos. Deus non nos libera do mal, acompáñanos na dolor, compadece con nós, por iso se fixo humano, encarnou.

A Carta Pastoral que todos, peregrinos ou non na realidade física, deberíamos ler, aparece con tres capítulos. No 1º, describe a realidade imposta pola pandemia tanto no medicinal, como no económico e social. Pero sobre todo, lamenta o prelado as mortes habidas. Haberá peregrinos que perderon familiares na epidemia. Salienta o arcebispo a entrega dos sanitarios. A obra de Cáritas e sacerdotes.

Nº 2º, retoma a idea da peregrinación, agora que domina a idea de suspender, aprazar proxectos. Ábrese un tempo para a vivencia das virtudes: Fe, Caridade, Esperanza. Remítese a Carta a ideas da “Laudato si”, é dicir, á cultura do coidado común do planeta.

Nº 3º.-Como Abrahán, chamados a peregrinar. Volverán a encherse de peregrinos os camiños, deixaremos a zona de confort para abrimos á palabra de Deus sempre nova.

“Deus axude a Santiago!”

Cada apartado vai precedido por un texto bíblico. Por iso a Carta ten moito de homilía, mester no que o arcebispo Barrio é carismático profeta.

Engadimos breves reflexións:

1.- A Carta Pastoral vai en galego. Trátase dun texto dirixido a diversos países. Lerán, interpretarán, ou traducirán a linguas propias. Pero o xesto do arcebispo compostelán será moi agradecido pola Xunta de Galicia, pola Real Academia Galega e por cantos defendemos o noso patrimonio lingüístico.

O Dtr. Barrio incorpora ó seu acerbo idiomático a lingua galega. Natural da Gallaecia romana, no conventus de Astúrica Augusta (Astorga), amosa a súa raigaña galega, ademais da súa dedicación á arquidiocese compostelá.

2.- O día 15 – VIII – 21, monseñor Barrio cumpriu felizmente, setenta e cinco anos de idade. Felicitámolo por tal realidade e por nacer no día da Asunción da Nosa Señora. Presentará D. Julián a súa renuncia canónica á sede arcebispoal en pleno Ano Santo. Sen duda, seguirá exercendo todo o ano ata pechar a Porta Santa. Peche que, coidamos terá lugar a finais do ano 2.022, pois probable é que este Ano Santo do 2.021 se prorrogue un ano máis por circunstancias coñecidas e padecidas por todos.

3.- O gran traballo pastoral que se presenta para o Sr. Arcebispo, fai urxente que dispoña axiña dun bispo auxiliar. Ogallá haxa quen, tanto na capacidade de traballo, como na entrega pastoral, e asemade coa dotación intelectual que Deus deu a D. Julián, poida axudalo tanto no Ano Santo como nos demais servizos que a arquidiocese precisa.

X.Pumar Gándara

## ORACION 55 AÑOS DE CURA

### LOUVADE E DADE GRAZAS CONMIGO AO SEÑOR QUE ME CONCEDEU SER SACERDOTE DURANTE 55 ANOS

O próximo día 18, coa axuda de Deus, cumprerei 55 anos de cura, xa que o 18 de decembro de 1965 o benquerido Cardeal D. Fernando Quiroga Palacios ordenoume sacerdote. O 24 de decembro celebrei a primeira Misa na Capela do Pazo de Oca, onde sentín por primeira vez a chamada do Señor.

Por iso cada Nadal, ademais de bicar a imaxe do Neno Xesús colocado no Belén, todos os días bico o altar, xa que aí é onde nace Xesús en cada Misa por medio das miñas pecadoras mans.

Quero celebrar esta data

1.-DAR GRACIAS: En primeiro lugar dar gracias e invitarvos a que comigo deamos gracias ao Señor. -Ante todo e sempre a ti Señor, Pai, Fillo e Divino Espírito por todo o que durante estes 55 anos de cura, e o longo dos 77 anos da miña vida me regalaches.

Gracias pola vida e a saúde, pola fe e a vocación. Sendo un traste chamáchesme, e a pesar das miñas miserias axudáchesme a perseverar sen volver a vista atrás.

- Por meus pais: Manuel e Carmen e pola gracia de desfrutar deles ata os 97 anos, e poder coidalos, devolvéndolle algo do que eles por min fixeron. Despois do Señor, a eles llo debo todo, como se sacrificaron marchando a Venezuela para que puidese estudar....E despois acompañándome, os mellores colaboradores..

- Gracias por cantos me axudaron a ir medrando na fe e na resposta a túa chamada, a todos os profesores e formadores do Seminario

Aos pastores da Igrexa diocesana que alentaron e animaron desde o comezo a miña tarefa pastoral: Ao Cardeal Quiroga que me ordenou sacerdote e me encomendou os primeiros encargos pastorais en Pontedeume e Salomé. A D. Ángel Suquía que me designou párroco de esta vila.

Gratidade especial a D. Antonio Rouco, que depositou na miña humilde persoa a súa confianza, nomeándome Vicario Episcopal da Coruña, e ao noso Arcebispo D. Julián por todo o apoio a tarefa pastoral desta parroquia, e de xeito especial polo cariño con que me acompañou no enterro de meus pais.

- Dar gracias ao Señor polos irmáns sacerdotes que en unión, amizade fraterna e colaboración fomos construíndo a Igrexa en Carballo: Ramón Antelo, Jesús Barrientos, Jesús Antelo, Eduardo Puga e dun xeito especial o amigo Manolo Rodriguez, fiel amigo e leal colaborador durante 30 anos, e a D. Xosé Pumar que nos guía coa súa sabedoría e don de consello.

Un agradecido recoñecemento ás Fillas da Caridade e a tantos xenerosos e leais colaboradores que veñen adicando tempo, esforzo e diñeiro as diversas tarefas da parroquia e de Cáritas

Dun xeito especial para o magnífico equipo da Secretaria e Comité executivo que todos os días traballan xenerosa e eficazmente para a Parroquia

Gracias a todos e gracias a Deus!

2.- AQUÍ ME TES: Señor, hoxe de novo, volvo a repetir aquel SI, non nunha explosión de entusiasmo xuvenil dos 22 anos, senón serena, gozosa, humildemente na madurez dos meus 77 anos: AQUÍ ME TES. Para seguir servindo a Igrexa e os irmáns, onde Ti me mandes e pídoche que siga celebrando cada a santa misa como se fose aquela primeira de hai 50 anos.

Se é posible, Señor, quero seguir ao voso servizo nesta querida Parroquia de Carballo. Aínda que non nacín aquí, síntome fillo adoptivo de Carballo e presumo e exerzo de carballés a onde queira que vou.

Mentres o Señor me dea saúde, o meu desexo é seguir servindo e vivindo nesta parroquia de Carballo. Porque o ser Cura Párroco é como casarse coa parroquia: é para toda a vida

Dei a parroquia de Carballo os mellores anos da miña vida, e Carballo deume acollida e cariño, axuda e colaboración, testemuño de fe e vida cristiá. Por iso aquí quero rematar a miña vida, e no Camposanto, a onde acompañei a tantos carballeses, quero repousar ao lado dos meus pais.

3.-NO REGAZO DA MILAGROSA

Remato esta pregaría poñendo no regazo da Virxe Milagrosa a toda a Parroquia e invitándovos a cantar o Magnificat como fago cada día no rezo da oración de vésperas.

A ela, Nai dos nenos e dos enfermos pido que nos libre desta pandemia e nos axude a volver a unha vida cristiá en familia.

